



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA INTERCAMBIAR INFORMACIÓN SOBRE PERSOAS TITULARES DA TARXETA SANITARIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, nomeado polo Decreto 44/2024, do 15 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, segundo as facultades conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don José Antonio Campo Andión, director do Instituto Galego de Estatística, que actúa en nome e representación del en virtude do Decreto 295/2009, do 14 de maio, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente acordo, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. Segundo o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, a tarxeta sanitaria emitida pola Consellería de Sanidade é o documento que identifica ás persoas cidadáns residentes en Galicia protexidas polo sistema sanitario público. Á dita consellería correspóndelle por tanto planificar, xestionar e avaliar a implantación de tarxeta sanitaria; deseñar e manter a estrutura básica do sistema de información integrada; determinar as características da tarxeta sanitaria, así como a información a incluír neste documento.

II. O Instituto Galego de Estatística (IGE) é un organismo autónomo regulado na Lei 6/2024, do 27 de decembro, para dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma. Entre as súas funcións están:

- Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas en Galicia e promover que se apliquen normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística galega.





- Desenvolver bases de datos e prestar servizos de recompilación e de almacenaxe da información estatística dispoñible.

III. A exposición de motivos da Lei 6/2024, do 27 de decembro, afonda na necesidade de considerar os rexistros e sistemas de información como recursos estratéxicos da estatística galega e sinala a necesidade de conseguirmos incorporar, cando menos, os de orixe administrativa, garantido que estean á disposición do sistema estatístico para integralos en bases de datos e aumentar os estándares de calidade. O artigo 4 da mesma lei concreta estas aspiracións establecendo o principio de rendibilidade, de xeito que se debe utilizar como fonte prioritaria de información a dispoñible nos ficheiros de datos administrativos e promover o seu enlace con fins estatísticos. Baixo este principio e para executar a planificación estatística, o artigo 25 atribúelle ao IGE o dereito a solicitar e obter dos órganos e das entidades do sector público os datos contidos nos ficheiros de datos administrativos, así como a posibilidade de desenvolver e manter bases de datos a partir do enlazamento de ficheiros.

IV. Como consecuencia desta previsión normativa e de acordo co artigo 7 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, o IGE dispón dunha Base de datos sociodemográfica na que se relacionan e integran diferentes rexistros administrativos e a partir da cal se programan e difunden estatísticas. No Rexistro de actividades de tratamento (RAT) do IGE figura dita base.

V. O presente acordo de colaboración pretende contribuír á realización destas funcións establecendo as condicións de colaboración entre ambos organismos para mellorar na Base de datos sociodemográfica do IGE o lugar de residencia das persoas, co obxecto de xerar información estatística que permita:

- Dispor de marcos de mostraxe actualizados e acordos coa realidade demográfica da Comunidade Autónoma.
- Mellorar a calidade das estatísticas sociodemográficas recollidas nos plans e programas estatísticos de Galicia.

Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente acordo de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Instituto Galego de Estatística (en adiante, IGE) para o intercambio de información sobre as persoas que constan de alta no Sistema de Información Poboacional de Tarxeta Sanitaria co fin de mellorar na Base de datos





sociodemográfica do IGE o lugar de residencia das persoas, contribuíndo así á realización das funcións atribuídas a aquel.

Segunda. Compromisos da Consellería de Sanidade

A Consellería de Sanidade achegaralle ao IGE un ficheiro cos datos persoais das persoas que constan de alta no Sistema de Información Poboacional de Tarxeta Sanitaria, o cal contará coa seguinte estrutura:

O ficheiro, terá formato de texto.txt, con un rexistro por cada cidadán/á coas seguintes variables:

- DNI/NIF/NIE
- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Tipo vía, vía, número, código postal, bloque, escaleira, piso, porta
- Provincia, concello, parroquia, lugar e núcleo

A periodicidade de envío dos datos ao IGE será trimestral nas seguintes datas: primeira quincena de xaneiro, primeira quincena de abril, primeira quincena de xullo e primeira quincena de outubro do ano correspondente, con datos actualizados a día 1 do mes correspondente, salvo que as partes acorden modificala por outra distinta cando as especiais circunstancias así o aconsellen .

Os datos relativos ao número de teléfono das persoas con cobertura sanitaria en Galicia só serían solicitados expresamente polo IGE á Consellería de Sanidade para actuacións estatísticas programadas nas que o método de recollida de datos fose a entrevista telefónica.

Terceira. Compromisos do IGE

O IGE empregará a información recibida única e exclusivamente para as finalidades recollidas no punto V do expoñen e, en todos os procedementos a desenvolver para materializar este acordo, comprométese a respectar o segredo estatístico regulado nos artigos 29 a 32 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

O IGE introducirá nos instrumentos de planificación da estatística galega as estatísticas e os resultados agregados que se puidesen derivar da actuación conxunta.

Cuarta. Financiamento

O cumprimento e desenvolvemento dos compromisos asumidos polas partes non xerará contraprestacións económicas nin gastos entre elas, motivo polo que non require de consignación orzamentaria.





Quinta. Grupo de traballo e comisión de seguimento

Coa finalidade de coordinar as actuacións necesarias para a correcta execución do acordo, establecendo os procedementos de intercambio de información máis eficaces e as medidas que garantan a protección dos datos fornecidos, funcionará un grupo de traballo integrado:

1. Por parte da Consellería de Sanidade:

- A persoa que exerza a función de Delegado/a de Protección de Datos da Consellería
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento.

2. Por parte do IGE:

- A persoa titular da Subdirección de Síntese, Análise e Difusión
- A persoa titular do Servizo de Difusión e Información

Este grupo de traballo actuará ademais como comisión de seguimento do acordo, consonte ao establecido no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público, e asumirá as seguintes funcións:

- Seguimento e control do desenvolvemento do acordo.
- Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación e cumprimento do acordo.

Sexta. Tratamento de datos

Sobre a licitude do tratamento, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, é de aplicación no tratamento de datos persoais con fins estatísticos, entendendo como tal toda operación de recolla e tratamento de datos persoais necesaria para producir resultados estatísticos agregados (considerando 162). No artigo 6 do regulamento engádese que dito tratamento será lícito sen previo consentimento da persoa interesada cando se precise para cumprir unha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, deixando que sexan os Estados membros os que fixen nestes supostos os requisitos específicos de tratamento e outras medidas que garantan a súa licitude e equidade.

A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais desenvolve esta previsión do regulamento europeo e conclúe que o tratamento de datos persoais só se considerará baseado no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable cando derive dunha competencia atribuída por norma con rango de lei (artigo 8) e que a comunicación de datos aos órganos competentes en materia estatística non precisará o consentimento da persoa interesada se a estatística para a que se requiren ven esixida por unha norma de Dereito da UE, ou está incluída nos instrumentos de programación estatística legalmente previstos (artigo 25).





O IGE cumpre cos dous requisitos formulados na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro e, de conformidade coa Lei 6/2024, do 27 de decembro, usará a información subministrada pola Consellería de Sanidade para incorporala na súas bases de datos coa finalidade de elaborar, depurar, imputar e difundir estatísticas, que se incluírán nos instrumentos de planificación da estatística galega.

Sinalar por último que, en todos os procedementos a desenvolver para materializar os obxectivos deste acordo, a Consellería de Sanidade e o IGE respectarán a normativa sobre protección de datos persoais prevista no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e o segredo estatístico, de acordo co establecido nos artigos 29 ao 32 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

Sétima. Natureza xurídica

Este acordo encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico.

Oitava. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, así como pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Ás cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seralles de aplicación o establecido no artigo 18 da dita Lei 14/2013, do 26 de decembro.

Novena. Vixencia

Este acordo terá unha vixencia de catro anos e efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura.

As partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto.

Décima. Resolución

O presente acordo de colaboración poderase resolver por calquera das causas que se recollen no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O termo ou resolución do acordo porá fin a todos os deberes e dereitos que se tivesen xerado, agás aqueles que, pola súa propia natureza, sobrevivan á mesma.



Undécima. Publicidade e transparencia

A sinatura deste acordo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade con canto antecede e como ratificación do seu contido e para que produza efectos, as partes asinan este acordo na data consignada na sinatura electrónica.

O Conselleiro de Sanidade
Antonio Gómez Caamaño

O Director do Instituto Galego de Estatística
José Antonio Campo Andi3n

